

# «Escravo das miñas confidencias e apoio nas miñas necesidades...» Contribución ao estudo da «guerrilla do chao» no rural galego: a rede de enlaces do guerrilleiro Manuel Castro Tellado

ANA CABANA IGLESIA  
Universidade de Santiago de Compostela

## Introdución

Un veciño de Palas de Rei recorda no seu testemuño oral o medo que na súa aldea pasaron cando viron como un garda civil traía un guerrilleiro morto. O pavor non o provocaba a macabra visión en si, a dun cadáver pendurado dunha montura, senón a intranquilidade de que o cabo que traía o “botín” do monte reparara en que o calzado do abatido estaba pulcro e lustroso. Na vila sabían que o guerrilleiro en cuestión morrera uns días antes por causas naturais mentres durmía na casa dun dos seus enlaces. Este optara por deixar o corpo morto no monte para evitar a súa segura condena por prestarlle axuda dándolle pousada<sup>1</sup>. Os veciños eran sabedores de que se o garda civil se decatara do coidado aspecto dos zapatos do guerrilleiro a maquinaria represiva do franquismo se poría en marcha. Era a inquestionable e evidente proba da cotiá axuda que a guerrilla antifranquista recibía nos núcleos rurais.

Alfonso Domingo no seu traballo sobre o movemento guerrilleiro define aos enlaces como os “heroes do día a día” e sinálos como os grandes esquecidos da revisión historiográfica vivida por esa temática<sup>2</sup>. Secundino Serrano, proba-

1 Arquivo de Historia Oral de Galicia (HISTORGA). Entrevista núm. 177. Entrevista a M.P.C., da parroquia de S. Breixo, concello de Palas de Rei (Lugo).

2 Domingo, Alfonso 2002: 17. A historiografía sobre o movemento guerrilleiro en España pasou por varias fases. Primeiro foi obra dos represores, que empregaban a narración para exaltar o “servizo” prestado á sociedade. No exilio iniciouse a liña oposta, que se continuou no interior a partir de 1975, na que os militantes

blemente o mellor coñecedor do movemento armado antifranquista en España, vai un paso máis alá e descríbese como “os outros guerrilleiros” porque entende que “a organización do chao era o elemento cardinal para a supervivencia dos maquis”<sup>3</sup>. Estes historiadores, xunto a Fernanda Romeu e, sobre todo, a Mercedes Yusta son dos poucos que teñen feito un especial fincapé no estudo da “guerrilla do chao” ou das tamén chamadas “milicias pasivas”<sup>4</sup>.

En Galicia son poucos os autores que teñen entrado devagar na análise dos apoios da guerrilla, malia que o interese polo estudo da mesma non fixo máis que medrar nos últimos anos, nos que os temas relacionados coa guerra civil e a ditadura franquista están no centro do interese historiográfico e do debate social<sup>5</sup>. As memorias dos guerrilleiros —xa realizadas de modo autobiográfico xa elaboradas por segundas persoas— son as que traen a colación máis habitualmente a transcendencia do seu labor, amosándose moi esclarecedoras sobre o papel determinante que tiveron as comunidades rurais no mantemento do movemento guerrilleiro. Francisco Rey Balbís (a) “Moncho”, nado en San Ciprián, concello de Cervo, e guerrilleiro da zona coruñesa de Abegondo, declaraba:

[...] temos que partir do feito de que a guerrilla é o pobo [...] aínda a xente con máis medo, os sectores máis ignorantes, [...] menos politizados [...] estaban na nosa banda. A colaboración do pobo era múltiple. Unhas portas abríanse máis e outra abríanse menos pero ninguén nos denunciaba [...] dirixíamonos sempre a familias pobres, pequenos campesiños ou xornaleiros. Dábannos leite, pan, manteiga. En veces, para desemular o que nos daban levábanolo ó monte no carro, debaixo do adival, poño por caso, e se ían cara ó agro, debaixo do esterco ou nalgún saco de semente. Vivían mal e anque non querían cobrarnos case sempre lle pagábamos estes abastecementos. A algúns enlaces dábamoslle cartos por adiantado para que nos mercasen roupa, conservas, menciñas [...].<sup>6</sup>

Carlos García Reigosa recolle no seu relato da viaxe que fixeron tres dos máximos dirixentes da Federación de Guerrillas Galicia-León nos anos oitenta co obxectivo de rememorar o seu pasado de loita que, un deles, Marcelino Fernández Villanueva (a) Gafas, repetía continuamente “os verdadeiros heroes daquela loita foron esas xentes que arriscaron as súas vidas por axudarnos, sen recibiren nada a cambio, porque nós nada tiñamos e nada lles podíamos dar”<sup>7</sup>. Francisco Martínez

---

antifranquistas convertían os guerrilleiros en heroes a magnificar sen paliativos. Nos últimos anos tense consolidado unha liña de investigación superadora de adhesións partidistas que permite unha visión máis obxectiva deste movemento de oposición armada ao franquismo.

3 Serrano 2001: 213.

4 Romeu Alfaro 1987; Yusta Rodrigo 2003.

5 Sobre este auxe, véxase Veiga, 2006: 359-373. Unha excepción é Prada Rodríguez 1989: 218-223.

6 Neira Vilas 1991: 45-46 e 1976.

7 García Reigosa 2004: 146. Os outros dous guerrilleiros eran os tamén asturianos Mario Morán e César Ríos.

(a) Quico, guerrilleiro da Federación de Guerrillas Galicia-León, insiste tamén nas súas memorias no papel dos enlaces. Ao rememorar a vida dos guerrilleiros da comarca leonesa do Bierzo sinala que “hai que rematar con esa imaxe romántica e diabólica do guerrilleiro condenado a vivir en covas no monte, illado de toda relación política ou social. Nós durmiamos case todas as noites baixo teito, había moita xente que nos axudaba e daba cobixo e alimento”<sup>8</sup>.

É moito o que aínda hoxe descoñecemos sobre a relación entre os homes e mulleres que abandeiraron a loita armada contra Franco e a poboación do rural que os permitiu que a súa actividade se desenvolviera. O noso interese está en pescudar os mecanismos que posibilitaron que, nunha situación onde axudar aos guerrilleiros era ilegal e extremadamente perigoso, unha parte da poboación tomara a decisión de facelo de maneira estable no tempo. É dicir, ímonos centrar na análise das relacións estables existentes entre un guerrilleiro e/ou partida e os seus enlaces. Buscamos descubrir como, por parte do guerrilleiro, se conquista información sobre as oportunidades de aloxamento e auxilio e en que está baseada a cooperación que a este se lle ofrece por parte dos membros da comunidade que aceptan converterse nos seus puntos de apoio.

O estudo da guerrilla do chao podería abranguerse a partir de dous métodos de análise diferentes, o realizado a partir de datos atributivos e o que emprega datos relacionais. Os datos atributivos son aqueles relativos ás actitudes, opinións e comportamentos dos suxeitos de estudo que son vistos como propiedades, calidades ou características que lles pertencen como individuos. Os métodos apropiados para analizalos son os da análise de variables, onde os atributos son medidos como valores de variables particulares (xénero, ocupación, educación, procedencia, etc.). Os datos relacionais son os relativos aos contactos, lazos e conexións dos suxeitos e os grupos ou agregados que conforman. Estes non poden ser reducidos a propiedades dos suxeitos individuais xa que as relacións non son propiedades dun ente particular, senón dun conxunto. O método apropiado para analizar este tipo de datos son as análises de redes, onde as relacións son tratadas como expresión de vencellos que existen entre os suxeitos. Como estes datos non é posible tomalos e tratalos cuantitativa e estatisticamente, a análise de redes consiste nun corpo de medidas cualitativas<sup>9</sup>. Nós optamos por esta segunda metodoloxía para desleir a madeixa que compoñen os puntos de apoio da guerrilla antifranquista, pois parécenos a opción que permite apreciar mellor o decisivo das relacións

---

8 Martínez López 2006.

9 Scott, John 1991: 2-3.

interpersoais como xeradoras de comportamentos e actitudes e enfatizar a interdependencia dos individuos dentro dunha comunidade<sup>10</sup>.

Un apuntamento inicial que, por obvio, non pode deixar de facerse explícito. As redes de apoio establecéronse xeograficamente alí onde as partidas tiñan o seu lugar de actuación, é dicir, coinciden xeralmente coas zonas de orixe dos guerrilleiros. A presenza ou ausencia da guerrilla en determinados lugares, xa que logo, marca de primeiras unha fenda entre unha parte da sociedade rural que, ao non verse involucrada, puido manterse indiferente e aquela que tivo que tomar parte na loita entre o réxime franquista e o movemento armado que buscaba o seu derrocamento<sup>11</sup>.

Ademais, o conxunto da sociedade que habitaba os espazos de influencia da guerrilla non sufría por igual a súa presenza. Así, involucrarse en fórmulas de apoio para co movemento guerrilleiro partía, en moitas ocasións, da eventualidade, de que o suxeito se vira afectado persoalmente pola petición ou requirimento de axuda dun guerrilleiro, non dunha aliñación consciente e previa contra o franquismo. É evidente que a guerrilla contou co apoio de suxeitos que partían dunha postura contraria ao franquismo, igual que tivo nas comunidades rurais francos opositores que se involucraron activamente na súa eliminación, pero non son a norma. A maioría da poboación que axudou dalgún xeito e nalgún momento aos guerrilleiros no rural galego sitúase no que Primo Levi define como a “zona gris”, ese espazo onde se atopan xeralmente as maiorías sociais, os “cidadáns correntes”<sup>12</sup>. E neles os sentimentos que predominaban eran os de permanecer a salvo da dura represión estatal que a presenza da guerrilla impoñía, sen faltar aos códigos que a cultura campesiña impoñían respecto ás lealdades sociais, pero tamén desexosos de non involucrarse coa oposición antifranquista, senón de manter a distancia suficiente cos dous extremos en liza para asegurar o maior grao posible de seguridade e normalidade na súa vida cotiá.

---

10 Estudos dos movementos de oposición armada contra os diferentes réximes fascistas están principiando a dar conta da inoperatividade de estudar os protagonistas de ditas organizacións e os seus apoios sociais da maneira clásica, é dicir, a partir de datos atributivos. Coñecer a extracción social, a idade, o sexo ou o nicho laboral dos suxeitos non permite, como se pensaba inicialmente, aprehender na súa complexidade as razóns que os levaron a participar ou involucrarse dalgún xeito nestes grupos de oposición armada nin a apoiais. Andrieu 1997: 69-94.

11 Segundo os datos de Fernanda Romeu, na provincia da Coruña funcionaban 37 partidas, 21 en Lugo, 15 en Ourense e 1 en Pontevedra. Dende o primeiro momento as zonas de maior implantación xeográfica dos guerrilleiros foron o noroeste da provincia da Coruña, a parte máis oriental de Ourense (sobre todo Valdeorras, A Gudiña e Verín) e o norte e o sur da de Lugo. Romeu Alfaro 1987: 186; Serrano 2001: 49; Heine 1980.

12 Sobre a “zona gris” que queda entre perpetradores e vítimas inocentes en todo réxime ditatorial e/ou autoritario, véxase Levi 2001. A denominación de “cidadáns correntes” a partir de Goldhagen 1997.

### 1. O concepto de “rede”: unha ferramenta para a análise da “guerrilla do chao”

Para entender o fenómeno de creación e funcionamento da guerrilla do chao é preciso reconstruír as características dunhas complexas relacións sociais rurais inscritas no marco das comunidades. Porque todas as comunidades están formadas por suxeitos que posúen fasquías propias, pero que se definen pola súa pertenza a unha configuración social que existe grazas a unha rede de interaccións entre os diferentes membros da mesma.

Barnes, o estudoso da Escola de Manchester que introduciu o concepto de rede, defínea como unha malla de relacións flexibles e discrecionais, nas que non todos os compoñentes se coñecen entre si pero, igualmente, poden interaccionar entre eles. A rede crea un espazo de interdependencia entre varios estratos sociais e favorece a solidariedade e a axuda mutua en varias situacións: soporte material, problemas cotiáns, inserción laboral, etc. Segundo Barnes, a rede social sostén o idioma igualitario e a identidade comunitaria e é o principal factor de estabilidade e equilibrio entre os distintos grupos sociais<sup>13</sup>.

As relacións sociais, dentro dos agregados familiares ou fóra destes, son constitutivas dunha rede máis ca dun grupo organizado, isto é, dunha configuración social na que só algúns, non todos os compoñentes, teñen intercambiado algún tipo de relación. A rede xoga un papel crucial xa que é tamén un factor decisivo que caracteriza o proceso de socialización do individuo, de interiorización de normas e valores, de definición do estatus e da identidade e, alén diso, permite entender a dinámica de control normativo.

Hai dous modos nos que están sendo consideradas as redes nos diferentes traballos de Socioloxía ou Historia Social respecto ao seu uso instrumental. Un, como corrente de comunicación, o outro, como fluxo de bens e servizos<sup>14</sup>. Os primeiros centran a súa atención non tanto na influencia da estrutura da rede sobre a acción individual —opción predilecta do segundo modelo analítico—, senón na monopolización da comunicación a través das redes, e poñen en evidencia a tarefa que estas poden asumir como instrumento de definición e de control social. A rede dende esta óptica ten un papel crucial na definición dunha comunidade social e dos seus intereses, no proceso de diferenciación e na identificación da súa norma. Neste último aspecto, a rede está na base da articulación do control normativo, na reafirmación da norma constituínte e na formulación de novos modelos de comportamento. Deste xeito, na explicación dos comportamentos sociais, tanto individuais como colectivos, é central reparar tanto nas trabas impostas po-

13 Sobre as diferentes escolas de pensamento que teorizaron sobre o concepto de rede, véxase Scott, John 1991: 27 e ss.

14 Algúns deses traballos están recollidos no monográfico da revista *Política y Sociedad*, VV. AA. 2000.

los diversos sistemas normativos como en que o individuo mantén un conxunto variado e variable de relacións que determina as súas reaccións e eleccións respecto desa estrutura normativa<sup>15</sup>. É dicir, e xa levado ao noso tema de estudo, para comprender tanto as actitudes proclives a dar apoio á guerrilla antifranquista –as que aquí nos interesan– como as contrarias, habería que ter presente tanto a influencia que sobre o suxeito e/ou grupo en cuestión exerce a lexislación franquista –especialmente a punitiva– como o ascendente que sobre o mesmo posúen as lealdades primordiais do seu círculo relacional (amigos, veciños, familia, etc.) e as disposicións da cultura campesiña (éticas de subsistencia, socialidade, etc.)<sup>16</sup>.

Para entender as relacións sociais dun grupo, comunidade ou sociedade é fundamental estudar a amplitude e a densidade da rede —o que se define como características morfolóxicas—, porque é o elemento que permite apreciar e sopesar a súa influencia no individuo. Dependendo da súa fortaleza a rede pode ser das denominadas “de malla estreita”, cando vencella a unha serie de prestacións recíprocas e exercita unha forte presión ideolóxica e normativa sobre o individuo, ou das “de malla ancha”, en caso de que desempeñe un control social e normativo menos pesado, consentindo unha variación máis grande na ideoloxía, nas obrigas e nas normas de comportamento.

Elizabeth Bott define o termo “rol” como o comportamento que se espera de cada individuo por ocupar unha particular posición social. Un “rol relacional” está formado por aqueles aspectos dunha relación que supoñen expectativas recíprocas de conduta dunha persoa respecto doutra. A colectividade, xa que logo, non depende só das semellanzas ocupacionais –lealdades de clase– ou da proximidade de domicilio. É a resultante complexa de innumerables decisións adoptadas por todos os membros da rede, de acordo con combinacións particulares de necesidades persoais e factores situacionais (presenza ou ausencia de lazos económicos, etc.) así como dun complicado conxunto de factores relacionados coa mobilidade espacial e social.

A investigación sobre a densidade de redes levou a definir unha “zona de primeira orde”, é dicir, a constituída polos contactos directos do individuo obxecto de estudo, é dicir, do guerrilleiro no que a nós atinxe, e unha “zona de segunda orde”, conformada polos contactos dos contactos dese individuo. Estas zonas poden distinguirse coa denominación de “rede efectiva” e “rede débil” respectivamente, aínda que se debe facer notar que esta segunda, malia a ser menos densa ca primeira, presenta unhas tramas internas tupidas<sup>17</sup>.

15 Burke 2003: 123-124.

16 Sobre o concepto de “ética de subsistencia”, véxase Scott, James C. 1976. Sobre o concepto de “socialidade”, véxase Varela Fernández 2004: 261.

17 Cubitt 1973: 67-82.

Na configuración social que define o rol relacional, o parentesco e a amizade aparecen como os dous tipos máis elementais de relación social primaria. Os veciños e as asociacións voluntarias teñen transcendencia na medida en que son fonte de amigos potenciais e porque poden coincidir parcialmente coas categorías de parente e amigo. Dos estudos realizados sobre redes sociais (emigración, inserción no mercado laboral, patróns matrimoniais, etc.) dedúcese que os parentes teñen a significación máis especial en calquera tipo de rede. A relevancia da relación de parentesco é tripla: primeiro, é especialmente factible que os parentes se coñezan entre si, de forma que o seu sector reticular é probablemente o máis unido de todos; segundo, a relación con e entre parentes próximos é relativamente duradeira; e terceiro, os parentes desempeñan un vital e dobre papel: non só apoian un individuo, senón que tamén son soporte de novas redes parentais creadas a través de lazos como os matrimoniais<sup>18</sup>.

A noción de rede social, como conxunto de interaccións que forman un espazo social, supón incidir no coñecemento e a comprensión das ligazóns dos individuos entre si, e, deste xeito, permite aprehender as estratexias individuais e tamén as formas de acción colectiva. A fortaleza das comunidades campesiñas está xustamente na forte pegada, no enraizamento, dunha microsociedade feita de redes sociais onde o relacional está por riba doutras fracturas (opción política, clase social, etc.) e onde as forzas de integración social combaten as tendencias disolventes que veñen do exterior, caso do Estado durante o franquismo, e mesmo dende o interior, por parte de individuos que antepoñen outros valores ou intereses aos comunitarios.

As redes relacionais explican tanto que dentro dunha comunidade se dea axuda aos guerrilleiros como que estes se dirixan e encontren soporte na sociedade civil. Para entender procederes ou decisións como os que supoñen cooperar ou axudar a un guerrilleiro e/ou a súa partida son decisivas as redes relacionais establecidas por este: redes de amigos, relacións de veciñanza ou de parentela, etc. Coñecer ao guerrilleiro, deberlle un favor a un familiar deste, confiar no veciño que pide aloxamento no seu nome, etc. son cuestións que deciden a reacción do individuo á hora de participar ou non na rede de auxilio daquel. Pola súa parte, para os guerrilleiros era preciso mobilizar a axuda axeitada, a que tivera menos probabilidade de ser descuberta polas forzas de orde pública, aquela con visos de non comportar custos inasumibles e, ao mesmo tempo, a máis efectiva e funcional para resolver as súas demandas en cada momento (comida, aloxamento, abastecemento, correo, etc.)<sup>19</sup>.

18 Bott 1990.

19 Sobre a transcendencia da funcionalidade como característica dos apoios –e incluso dos membros– dos movementos de oposición política clandestinos véxase Marcot 1997: 21-41.

## 2. Un estudo de caso. A rede de enlaces de Manuel Castro Tellado

Para chegar a apreghender esta rede empregamos dous *corpus* de fontes básicos. O primeiro está constituído pola documentación oficial, en concreto, a xerada a raíz dos xuízos sumarísimos aos que debían facer fronte os enlaces cando “caían”. A natureza da fonte levounos a ter certas precaucións co obxecto de criticar os seus máis que seguros sesgos. Pensemos que moitos inocentes aos que lles foron imputados os cargos deberon comparecer e mesmo foron condenados pola xustiza militar e en que, aínda sendo enlaces, os detidos negaban esta condición para evadir as sancións. Así, optamos por centrar o noso estudo nun caso no que puideramos aseverar a veracidade da participación das persoas acusadas.

Partimos dunha causa xudicial na que algúns dos enlaces detidos revelaran a súa condición —xa fora pola busca dunha redución de pena xa pola violencia empregada polas autoridades—, e na que contabamos con información que ratifica estas confesións proporcionada por novos detidos, encausados ou testemuñas chamadas a declarar<sup>20</sup>. Tamén tivemos presente, a efectos de crítica de fontes, que o motivo para a caída da rede de enlaces foi a incautación por parte das forzas de orde pública franquistas da documentación do guerrilleiro. Este levaba consigo notas a través das que transmitía ordes ou encargos, ademais de consignar os seus gastos, —como era preceptivo para as partidas que conformaban a Federación de Guerrillas—, nas que aparecían os nomes ou alcumes das persoas que lle prestaban axuda. O segundo dos *corpus* ao que faciamos referencia é a fonte oral<sup>21</sup>. As entrevistas realizadas á veciñanza dos protagonistas permitiunos ter información de, se non toda, si boa parte da rede e as motivacións dos enlaces para participar nesta. Ademais, grazas á información oral, puidemos confirmar e/ou desestimar algunhas consideracións reflectidas na documentación oficial<sup>22</sup>.

Manuel Castro Tellado era o líder do Partido Socialista de Pol e o presidente da Sociedade de Traballadores da Terra de dito concello lugués. A súa decisión de defender a legalidade republicana e a necesidade de librarse da represión de primeira hora iniciada polos falanxistas locais provocaron que dende o golpe de Estado pasara a conformar as filas dos escapados e, axiña, as da guerrilla. Rematada a guerra civil actuou coa súa partida, composta por xente dos concellos onde se movía (Pol, Castroverde e Meira) de maneira independente e illada. Seguindo o cambio de estratexia ordenado polo partido socialista, a partir de 1942, deixou

20 Arquivo Militar de San Fernando (Lugo). Causa 99/47 [Os fondos documentais xerados pola Xurisdición Militar franquista da provincia de Lugo que consultamos nas dependencias do Cuartel de San Fernando foron trasladados ao Arquivo Militar de Ferrol].

21 Sobre a valía da fonte oral neste tipo de abordaxes, véxase Alonso Dávila 1992: 181-200.

22 Entrevistas a M.E.I.I. (1945), da parroquia de Reigosa, concello da Pastoriza; a F.F.L. (1945), nada no concello de Meira; A.C.V. (1943), da parroquia de Pacios, concello de Castro de Rei; C.A.P. (1919), nado na parroquia de Saldanxe, concello da Pastoriza.



de actuar por libre para incorporarse á organización guerrilleira<sup>23</sup>. Converteuse no Comandante en Xefe da III Agrupación da Federación de Guerrillas Galicia-León, que tiña o seu ámbito de acción pola franxa oriental da provincia de Lugo, as terras que lindaban con ela de Asturias e a comarca berciana. Dita Agrupación xurdira do artellamento das partidas que ata daquela lideraban, ademais del mesmo, Abelardo Gutiérrez Alba e Antonio Fernández Crespo (a) O Fuenteoliva, que pasaron a ser os seus lugartenentes. Castro Tellado morreu nunha emboscada en febreiro de 1947 cando ía, xunto a Marcelino Fernández Villanueva (a) Gafas, a un encontro cos representantes da outra grande organización guerrilleira, o Exército Guerrilleiro, vencellada ao Partido Comunista.

A súa caída provocou que a súa milicia pasiva fora descuberta, xa que as autoridades atoparon documentación con nomes e datos sobre as súas actuacións. A esta información sumouse a que as forzas de orde pública sacaron da confesión de Manuel Corral, un dos compoñentes da partida de Castro Tellado que fora apreixado nun encontro coa Garda civil na parroquia de Montecubeiro, no concello de Castroverde. As confesións que nos interrogatorios fixeron algúns dos enlaces detidos e das testemuñas chamadas a declarar, xunto á documentación achada nos rexistros das súas vivendas, acabaron por sacar á luz a totalidade dos nós que compoñían a súa rede de apoio. As pescudas da Garda civil provocaron que máis de 30 persoas foran chamadas a declarar e que 24 delas foran detidas, pasando a disposición da xustiza militar polo cargo de auxilio a bandoleiros.

A rede de enlaces deste líder socialista comezaba, coma todas, no círculo familiar pero chega a estenderse, a partir de veciños, correligionarios políticos e amigos, ata cubrir os concellos de Pol, Meira, A Pastoriza, Castro de Rei e Castroverde. Da fluída relación que Castro Tellado mantiña co seu entorno familiar dá conta un feito que resultou ser un dos detonantes para que se confirmaran as sospeitas da Garda civil sobre o papel de enlaces que xogaban os seus parentes: o día 13 de febreiro, antes de que a Benemérita comunicara á familia a morte do guerrilleiro sucedida ese mesmo día no concello de Paradela, na súa casa na parroquia de Mosteiro xa se viviran escenas de dor e loito<sup>24</sup>.

23 Neste período o seu grupo sufriu varias baixas, destacando as tres que se rexistraron en 1944, nun encontro coa Garda civil que tivo lugar no concello de Cervantes. Este choque sanguento entre as forzas franquistas e a partida de Castro Tellado recolleo Helmut Heine, véxase Heine 1980.

24 Marcelino Fernández (a) Gafas recorda “colléronnos por sorpresa e Manolo Castro caeu morto no tiroteo. Eu tamén disparei, coído que lle batín a un garda como mínimo, e, en fin, xa eu só, cheguei a Meira como puiden, onde a Manolo o esperaba a súa muller. Nun primeiro momento non lle dixen o que pasara e, como tiñamos encima unha feroz batida, a ela levárona cara a Mondoñedo os enlaces do Servizo de Información (SIRE) e a min trouxéronme para esta zona de Pastoriza”, García Reigosa 2004: 95.

Un dos principais bastións do guerrilleiro foi a súa dona, Engracia Díaz. A cónxuxe de Castro Tellado sufriu os rexistros e as visitas continuas de Garda civil e falanxistas locais nas que, segundo ela mesma sinala nunha carta que escribe a Vitoriano Labrada (home da súa irmá), é obxecto de violencia física por negarse a cooperar e delatar o seu marido<sup>25</sup>. As incesantes molestias que a súa muller soportaba levaran o guerrilleiro a pensar en varias ocasións en preparar a súa saída de Galicia, tarefa para a que contaba coa complicidade doutro guerrilleiro de Pol, o seu amigo José Tellado Carballeira, que lle confirmara nunha nota —naquela altura imbuída pola esperanza da intervención dos Aliados en España— a súa disposición:

Amigo Manuel: enterado da túa vida, que estás preparando para embarcar a túa muller para Canarias, creo que non fai falla pois segundo me din Franco ten de prazo ata o 20 de setembro e a conferencia marcha moi ben, e en caso de que isto fracasara, pois eu estou disposto a embarcar para Cuba ou Bos Aires, e se a queres embarcar para alá eu lévoa como irmá miña, mándame unhas letras por Manuel e que llas dea ao meu sogro ou ao meu enlace [...].

Vítimas da represión por constituír a milicia pasiva do guerrilleiro resultaron tamén a irmá de Castro Tellado, Silvina, considerada a súa principal enlace e unha estafeta das partidas da zona, e o marido desta, Primitivo Rodríguez, un significado antifranquista. Participara na defensa da República na cidade de Lugo, polo que foi condenado a 30 anos de prisión (conmutados por seis), e estivera fuxido algún tempo ata que o capturou a Garda civil. O outro irmán do guerrilleiro, Antonio, resultou ser outro apoio decisivo, xa que foi o encargado de organizar a operación de evasión coa que Castro Tellado puido pór a súa filla a salvo de posibles actuacións represivas. O seu labor foi realmente exitoso xa que as autoridades descoñecían o seu paradiro e o da nena, dubidando se poderían atoparse nas illas Canarias ou en Xerez da Fronteira.

Alén da formada polos seus parentes, na rede de enlaces de Castro Tellado, podemos apreciar tres roles diferentes, segundo a tarefa realizada. En primeiro lugar atopamos aqueles que ofrecen ao guerrilleiro casas francas, vivendas seguras onde pasar temporadas ou, cando menos, descansar periodicamente. Despois están os estafetas ou correos, que permiten ao guerrilleiro seguir coa actividade política e dar e recibir información sobre as consignas do seu partido. En terceiro lugar aparecen os que poderíamos denominar encargados da intendencia, persoas

---

25 Esta carta foi atopada nun rexistro realizado na casa de Modesto López (a) Zoqueiro en Meira. O significativo comentario da muller do guerrilleiro é “os paus tamén doen moito” e forma parte da argumentación que ela dá ao seu cuñado para que este entenda a súa decisión de fuxir. Dita desaparición é datada polas autoridades en abril de 1947.

que se ocupan de comprar víveres, roupa e todo tipo de útiles (dende a cámara da roda dunha bicicleta ata armas e munición).

Segundo a nosa información, Castro Tellado tiña, cando menos, seis casas francas, unha na Pastoriza, dúas en Meira, dúas en Pol e unha en Castroverde. Darío Peino (a) Persa era o dono da casa onde Castro Tellado se agochaba cando estaba en Pol, en concreto na parroquia de Milleirós, e a súa relación guerrilleiro-enlace baseábase na fonda amizade que os dous tiñan dende a súa nenez. A outra casa franca neste concello estaba na parroquia de S. Andrés de Ferreiros, xusto no linde co concello de Meira. Nela vivían dous veciños de Castro Tellado, Manuel Pasaro e o seu sobriño Ramón Pasaro.

A casa segura que o guerrilleiro tiña no concello da Pastoriza era a de Donato Freire e estaba na parroquia de Crecente. O vencello entre el e o guerrilleiro era a amizade, constituíndo así, igual que os anteriores, unha “rede efectiva”. Esta boa relación levou a que a filla de Donato, Carmen Freire, estivera xa con anterioridade á guerra na casa de Castro Tellado —na que había un taller de costura—, como aprendiz de costureira, e a que despois de que este pasara á clandestinidade seguira alí axudando nas tarefas da casa e no coidado da filla e os pais daquel. Carmen tiña unha relación profunda con toda a familia de Castro Tellado e así o revelaron, unha vez máis, as notas que ían ao seu nome atopadas pola Garda civil:

Que ninguén colla as chaves. Consellos a Marujita [a filla do guerrilleiro], que a velen. Tratar ben ao vello. De noite nunca faleis nada na casa. O día da festa se te acompañas coidado coas pequenas e cargue poucos pesos na cabeza.

A razón que vencellaba o guerrilleiro co dono da casa franca que tiña en Castroverde, Manuel Pérez Penela (a) Pereiro viña de que a parroquia na que estaba sita, Montecubeiro, tiña sido unha das de maior actividade social e política de Castro Tellado durante a República. Existía unha fonda relación entre el e a sociedade agraria de Pol que presidía e a Unión de Labregos de Montecubeiro, de feito o propio guerrilleiro aparecía como socio desta sociedade agraria do concello veciño<sup>26</sup>.

Aniceto Díaz, natural do concello de Baleira, aínda que veciño de Meira, e xastre de profesión, empezou a ser enlace de Castro Tellado en 1944. Como indica a data, non se trata dunha relación establecida nos primeiros días da clandestinidade do guerrilleiro, senón bastantes anos despois. Polo tanto, estamos ante unha ampliación da rede inicial, na que, como levamos visto, a familia e amigos-veciños

26 Nas memorias noveladas de Xosé Manuel Sarille sinala que Castro Tellado, xunto a Xosé Palmeiro Valcárcel e Domingos Fernández Díaz tamén contaron en Castroverde co apoio da familia da Casa Nova de Maceda, onde o pai, mestre da escola da parroquia de Luaces, fora asasinado polo réxime. Sarille 2002: 109.

tiñan preeminencia. A única relación que atopamos entre o guerrilleiro e o xastre antes de 1944 é de tipo indirecto. Aniceto era un íntimo amigo de Primitivo Rodríguez, o cuñado de Castro Tellado, xa que compartiran a experiencia da emigración a Cuba país no que, amén de politizarse, trabaron unha fonda relación de amizade<sup>27</sup>. Do que si era consciente Castro Tellado ao iniciar a súa relación co xastre era de que contaba coa súa simpatía política. Aniceto Díaz era un dos membros máis destacados de Izquierda Republicana de Meira, de feito era un dos concelleiros do Frente Popular cando estalou a guerra. A súa actitude pouco “adaptaticia” coa nova orde custáralle ser multado en varias ocasións polo Gobernador Civil e estar catalogado como desafecto polo réxime. A carta que serve como punto de arranque da súa relación é dabondo ilustrativa, tanto da necesidade do guerrilleiro de ampliar a súa rede de enlaces, pois na orixinaria xa houbera baixas e sufrían un maior control, como da obriga deste de confiar en persoas coas que non tiña lazos conformadores do que chamamos redes de primeira orde.

Camarada Dechado [pseudónimo Aniceto Díaz] y familia: coa rabia a duras penas contida e os nervios tensos, [...] coa túa solidariedade e axuda desbrozar o camiño que nos permite proseguir adiante a pelexa [...] busco no teu peito acollida sincera, sen case coñecernos [...] fágoo con enteira seguridade e confianza [...] iso custoulle a vida ao noso caro Manuel [...] o meu lazarillo, caído el, ¿onde ir eu? [...] as casas coñecidas están máis ou menos encravadas dentro do círculo de vixilancia inimiga [...] saír desta zona e entrar en Mosteiro sen coñecer o terreo sería unha imprudencia temeraria [...] desculpa que te elixira a ti como escravo das miñas confidencias e apoio nas miñas necesidades [...] a contrasinal para recoñecerse é: preguntará pola madeira de nogueira e castiñeiro, ao que se contestará “si sei dalgunha” [...].

No rexistro da súa casa, realizado a partir da confesión que fixera á Garda civil a súa filla, América Díaz, tras ser detida, aquela atopou un depósito de armas e munición, así como os cupóns que o vencellaban co servizo de cotización da Xunta Provincial de Lugo do partido Unión Nacional e documentación definida no xuízo como “propaganda de carácter extremista e guerrilleira” (entre ela o regulamento nacional da Federación de Guerrillas, a copia do último discurso de Azaña en Valencia ou un escrito de Izquierda Republicana de Baleira).

A outra casa segura do guerrilleiro de Pol no concello de Meira era a de Modesto López Rodríguez (a) Zoqueiro. O seu traballo, do que tomou alcume, levábo a viaxar por toda a zona do leste da Terra Chá con moita frecuencia e sen levantar sospeitas. O seu labor como enlace comezou en outubro de 1945, cando a casa de Aniceto Díaz deixou de ser segura porque edificaron moi cerca dela un cuartel da Garda civil. Xa que logo, a relación co guerrilleiro constituía unha rede

27 En ocasións nas notas do guerrilleiro, Aniceto é denominado co alcume de “cubanito”.

das denominadas febles, dado que a rede efectiva se daba entre os enlaces, Aniceto e Modesto. O primeiro, e non Castro Tellado, foi quen se encargou de iniciar esta nova trama na rede de apoio á guerrilla en razón da relación de veciñanza que tiña co novo nó, que o facía sabedor da súa afinidade cos ideais republicanos e coa loita armada antifranquista.

O grupo de persoas da rede de enlaces do guerrilleiro que servían de estafeta amosan unha fasquía definidora: compromiso político e afinidade ideolóxica. De feito, entre os enlaces, e ás veces destinatarios das cartas de Castro Tellado, atopamos persoas da executiva do Partido Socialista a nivel provincial, caso de Manuel Cobas ou Carmen Deales, (a) viúva de Pérez, que vivían e tiñan a súa actividade política radicada na cidade de Lugo (el rexentaba unha droguería e ela un establecemento de aparatos eléctricos). Tamén aparece nesta tarefa José Coroas Rodríguez (a) Canteiro, organizador e un dos líderes de Izquierda Republicana da Pastoriza, e Lino Carrera Baltar, presidente da sección de Izquierda Republicana en Baltar —independente da da Pastoriza aínda que estivera nunha parroquia deste concello—, que organizaban a distribución postal entre as partidas da III Agrupación e tamén coa executiva provincial do Partido Socialista. Josefa Teijeiro (a) Caseteira e Failde Fernández, nai e fillo, actuaban como estafetas do guerrilleiro de Pol e tamén de Luís Trigo Chao (a) Guardarríos, ao que ofrecían a súa casa nunha parroquia do concello de Ribadeo, Cubelas, como vivenda franca. O seu marido e pai respectivamente fora asasinado pola súa implicación política, polo que a súa familia actuaba como enlace entre os dous membros do Partido Socialista, partindo dun forte sentimento antifranquista.

Os irmáns Serafín e David Rico Seivane, labregos da parroquia de Álvarez, na Pastoriza, eran outros dos destinatarios e dos correos das consignas de Castro Tellado. Afiliados da Agrupación Republicana do seu concello, mantiñan fluídas relacións co outro estafeta do guerrilleiro no mesmo, Lino Carrera. A nota que máis incrimina estes irmáns durante o xuízo é unha na que Castro Tellado escribe: “Nada de atracos. Falar cos de Álvarez. Tamén a David que o diga en Bretoña [nesta parroquia atopábase o enlace doutros membros da III Agrupación, Xosé María Galocha, que trala morte de Castro Tellado escondeu na súa casa a Marcelino Fernández (a) O Gafas]”, o que revelaba a súa participación na rede de apoio á guerrilla.

Ocasionalmente eran tamén os donos das súas casas seguras e os seus familiares os que se encargaban de manter a correspondencia de Castro Tellado, como demostra unha das notas que a Garda civil atopaba no cadáver do guerrilleiro, dirixida a Aniceto Díaz:

Querido Dechado: saúde e antifascismo, desexabamos que na primeira ocasión que tiveras vaias a Lugo e fagas entrega destas cartas aos interesados seguintes: Executiva do Partido Socialista, na Droguería Galaica, á compañeira viúva de Pérez, de alí encárgaslle que faga chegar a Primitivo, o cuñado de Engracia, a carta que está ao seu nome. Advirtelle que nos tomamos esta liberdade por evitar mandar persoa ex profeso a Mosteiro, o que sempre podería levantar sospeitas [...].

Das compras de todo aquilo que puideran precisar o guerrilleiro e os membros da súa partida ocupábanse habitualmente os familiares dos donos das súas casas francas. Nesa escala da rede de enlaces de Castro Tellado destacan América Díaz, filla de Aniceto, e, sobre todo, Anuncia Grandela, a parella de Modesto López, o zoqueiro de Meira. Entre as notas atopadas a Castro Tellado había anotacións do tipo:

A Anuncia 33 pts. o día 10. A Anuncia tamén 55 pts. [...] o mesmo día 12 a Anuncia 65 para comprar polbo e coello e 100 pts para libros a América. Entreguei a Anuncia o día 20 para carne e viño. O 21 a Anuncia dinlle 65 de queixo. Entreguei a Anuncia 22 [...] e 7 de regalo para Anuncia [...] O día 25 din a Anuncia 35 para arroz e pan [...].

Cabe aquí facer un inciso relativo a estas anotacións. Nelas, como sinalamos, dicíase “e 100 pts para libros a América” e “7 de regalo para Anuncia”. Estes apuntamentos teñen un grande interese porque indican que na relación guerrilleiro-milicias pasivas existían toda unha serie de prestacións recíprocas entre os dous entes, non se trataba unicamente dunha relación de dependencia unidireccional do primeiro sobre as segundas. Neste caso concreto, o guerrilleiro “compensa” ás súas enlaces cunha prestación económica, no caso de América o suficiente para que poida matricularse e comprar o material necesario para seguir un curso a distancia, no caso de Anuncia unha gratificación polos servizos prestados.

Malia que existiran enlaces especializados na intendencia, non era raro que todos os seus apoios se involucrasen no abastecemento da partida.

Din o 30 de novembro a Dechado, 82 pts [...] muda de Marcelino [(a) Gafas] e de dous reembolsos e de dúas cartas [...] e 24 pts. arranxo das miñas botas, para iso entregamos 124 pts máis [...].

Din 300 pts. a Lino, 25 a Elena para viño e o 20 din 100 ao sogro para viño [...].

O 14 de outubro a Serafín 100 pts. O 1º de decembro 100 pts. a Serafín, pero devolveume 50 [...].

Destes nós da rede, xa responderan á tipoloxía de rede efectiva xa á de rede débil, partían novos lazos dos que Castro Tellado puido tirar para manterse na clandestinidade algo máis dunha década. Era o caso, entre outros, de Francisco Pacio Rodríguez (a) Basanta, primo de Modesto; de José María Díaz Cortón, cuñado de Darío Peino; do sogro do seu estafeta Lino Carrera; ou de José Benito

Sanjurjo Ónega, un labrego da parroquia pastoricense de Baltar que tamén se ocupaba do seu soporte material:

[...] o día 9 dinlle 150 pts. a José Benito. O día 17 de decembro prestei ao sogro 1.000 pts. para patacas. Din 100 a JB para unha caixa de palas. O 31, 100 pts. a José Benito que me mandou gafas.

Un aspecto a ter en conta de Castro Tellado, ao igual que outros guerrilleiros galegos, é que pagaba a pousada, a comida e os servizos que demandaba —dinámica que diferenciaba os guerrilleiros do Noroeste das doutras zonas— co que trataba de minimizar a carga que supoñía para as economías domésticas dos seus apoios.

Familia, amigos, veciños e correligionarios, e familiares, amigos, veciños e correligionarios destes á súa vez tupiron a rede que permitiu que Castro Tellado se mantivera dende o golpe de Estado ata 1947 na clandestinidade e continuara coa súa loita política. Pero a súa relación coas comunidades rurais, exemplo do que ocorría co conxunto da guerrilla no espazo rural, ía máis aló das redes de enlaces, involucrando de maneira indirecta un número considerable persoas. Así, entre as axudas que recibía hai que contar a prestada polas persoas que non conformaban a milicia pasiva, que nin sequera estaban insertos na rede relacional do guerrilleiro ou dos seus enlaces, pero que lle deron soporte de maneira puntual (unha única compra, aloxamento por unha noite, etc.); a daquelas que mantiveron en silencio e non denunciaron as idas e voltas de todos os involucrados; ou as daquelas que aparentaron unha “falsa ignorancia”, ou directamente mentiron, asegurando a inocencia dos involucrados na rede nas súas declaracións ante a Garda civil ou nos Tribunais militares<sup>28</sup>.

## Conclusiones

As redes de enlaces dos guerrilleiros da provincia de Lugo que tivemos ocasión de examinar gardan gran similitude coa establecida polo líder socialista de Pol e podemos supor que é un caso extrapolable para o caso galego en xeral. Cambian nomes e lugares de residencia pero continúan os mesmos tipos de vencellos.

As razóns que levaron a parte da poboación rural a axudar aos guerrilleiros ou silenciar a súa presenza son múltiples e están en relación, sobre todo nos momentos iniciais da clandestinidade, coas lealdades primordiais, que non lealdades de clase, formalizadas antes da guerra civil. Familia, veciños e amigos son os que se convierten en enlaces<sup>29</sup>. Esas lealdades son tamén as liñas que marcaron a po-

28 Máis de seis veciños das parroquias de Alvare e Baltar, no concello da Pastoriza, subliñaron a inocencia dos seus veciños encausados (Lino Carreira e os irmáns David e Serafín Rico) malia coñecer a súa condición de desafectos e de enlaces.

29 Sobre a relevancia da “veciñanza” nas comunidades rurais, véxase Lisón Tolosana 1974.

litización no rural, polo que non debemos desestimar a fortaleza desta á hora de configurar unha rede de auxilio á guerrilla nin de comprender a súa localización xeográfica. De feito, son en moitos casos eses parentes, amigos e veciños os que tamén son correligionarios políticos do guerrilleiro.

As razóns de selección dos compoñentes estables dun grupo de enlaces, apoios ou casas seguras están, polo tanto, en relación coa existencia e a calidade da rede relacional do individuo antes de converterse en guerrilleiro. Esta conversión, evidentemente, pode causar a ruptura dalgúns nós da rede, por medo, desacordo coa acción armada, etc., pero abre outras, sobre todo baseadas en afinidade política pero tamén en sentimentos de tipo humanitario (caridade, compaixón, etc.).

Os máis significativos insistimos, nunha primeira fase, son os lazos familiares pero, nunha ulterior, se houbera que sinalar un criterio na conformación de redes teríamos que subliñar o papel do rol relacional non do propio guerrilleiro, senón do dos seus enlaces. A análise de fontes permite comprobar que os elos fortes correspondentes á rede efectiva conquiren nun primeiro intre toda a relevancia, cunha clara predominancia sobre a rede feble. Porén, co correr do tempo, (sobre todo a partir de 1943, coa Lei de Rebelión e, de novo, a partir de 1947 coa aprobación do Decreto-lei para a Represión da Bandidaxe e o Terrorismo —momentos de máxima persecución do movemento guerrilleiro e dos civís que o apoiaban—), son estas redes da zona de segunda orde as máis requiridas polos guerrilleiros.

A fórmula máis transitada como medio para engadir nós ás redes de apoio nesta segunda fase é a solicitude de axuda por parte dun enlace primixenio do guerrilleiro ás súas propias redes relacionais. Isto permitiu que os guerrilleiros aumentaran os espazos para a súa acción e continuaran coa súa loita, sempre comprometida polas detencións e caídas dos seus apoios iniciais. Polo tanto, o normal é que se parta dunha rede fundamentada en vencellos familiares e que se amplíe coa colaboración dos veciños, amigos e compañeiros en actividades políticas e, á súa vez, co círculo relacional destes. Isto converteu os guerrilleiros nun elemento que repercutía non só nas súas familias e círculo social inmediato, senón, por agregación de redes, no conxunto da comunidade. As actividades relativas a prestar auxilio ao movemento guerrilleiro, igual que a propia opción insurreccional, influíu nas solidariedades existentes nos grupos sociais dando lugar a faccións ou bandos<sup>30</sup>. Así, un guerrilleiro e/ou a súa partida convertíanse nun elemento

---

30 Sobre o concepto de “bando”, véxase Durán 1972. Javier Ugarte define “bando” como “grupos socialmente heteroxéneos unidos por lazos de interese e amizade asimétrica nun medio comunitario dentro do que se establecerían con frecuencia relacións de padroado. Un bando constitúese sempre contra outro bando e defínese no marco dese conflito”. “A “bandería” produciríase no momento en que se rompe a solidariedade comunitaria para ser substituída pola solidariedade dentro do bando e da loita entre bandos”, en Ugarte Tellería 1998: 122.



desestabilizador para as comunidades das zonas nas que actuaban, enfatizando ou desestruturando bandos, en tanto que incidía nas divisións e conflitos sociais existentes cunha nova liña divisoria baseada no criterio de darlle apoio ou negarullo. En relación con isto, e no relativo á fortaleza ou densidade destas redes, cabe sinalar que estamos maioritariamente ante redes de malla estreita, é dicir, as relacións que se establecen en ambas as dúas zonas (de primeira e de segunda orde) exercen unha forte presión sobre os suxeitos que participan dela (dáse unha forte presión ideolóxica, unha fixación férrea do comportamento e prestacións recíprocas).

Pódese concluír, polo tanto, que as redes relacionais conformadoras das comunidades a partir de lealdades persoais foron, ademais das que mitigaron a dureza da posguerra para os seus membros en múltiples ámbitos, os piares sobre os que se teceron os apoios do movemento guerrilleiro.

## Bibliografía

- ALONSO DÁVILA, Isabel (1992): “La fuente oral instrumento privilegiado para el estudio de las redes sociales. El casco antiguo de Alicante en la posguerra española”, en Trujillano Sánchez, J. M., (ed.), *Jornadas “Historia y fuentes orales”. Memoria y sociedad en la España contemporánea*, Ávila, UNED, pp. 181-200.
- ANDRIEU, Claire (1997): “Les résistants, perspectives de recherche”, *Mouvement Social*, 180, pp. 69-94.
- BOTT, Elizabeth (1990): *Roles, normas y relaciones externas en las familias urbanas corrientes*, Madrid, Editorial Taurus.
- BURKE, Peter (2003): *Formas de hacer Historia*, Madrid, Alianza Editorial.
- CUBITT, Tessa (1973): “Network density among urban families”, en Boissevain, Jeremy e Mitchell, J. Clyde (eds.): *Network analysis: studies in Human Interaction*, París, Mouton, pp. 67-82.
- DOMINGO, Alfonso (2002): *El canto del búho. La vida en el monte de los guerrilleros antifranquistas*, Madrid, Oberón.
- DURÁN, José Antonio (1972): *Historia de caciques, bandos e ideoloxías en Galicia no urbana. Rianxo, 1910-1914*, Madrid, Siglo XXI.
- GARCÍA REIGOSA, Carlos (2004): *O regreso dos maquis*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, p. 146.
- GOLDHAGEN, Daniel Jonah (1997): *Los verdugos voluntarios de Hitler: los alemanes corrientes y el holocausto*, Madrid, Editorial Taurus.
- HEINE, Helmut (1980): *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- LEVI, Primo (2001): *Los hundidos y los salvados*, Barcelona, Muchnik.

- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1974): *Antropología cultural de Galicia: moradas del vivir galaico*, Madrid, Siglo XXI.
- MARCOT, François (1997): “Pour une sociologie de la Résistance: intentionnalité et fonctionnalité”, *Le Mouvement Social*, 180, pp. 21-41.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, Francisco (2006): *Guerrillero contra Franco. A guerrilla antifranquista de Galiza-León, 1936-1951*, Vigo, A Nosa Terra.
- NEIRA VILAS, Xosé (1976): *Os anos do Moncho*, Madrid, Akal.
- NEIRA VILAS, Xosé (1991): *Guerrilleiros*, Sada, Edicións do Castro.
- PRADA RODRÍGUEZ, Julio (1989): “Las mujeres de los escapados: aproximación al papel de las mujeres como soporte material de la resistencia antifranquista”, en *Las mujeres y la guerra civil española. III Jornadas de Estudios Monográficos*, 1989, Madrid, Ministerio de Asuntos Sociales y de Cultura, pp. 218-223.
- ROMEU ALFARO, Fernanda (1987): *Más allá de la utopía: perfil histórico de la Agrupación Guerrillera de de Levante*, Valencia, Alfons El Magánim.
- SARILLE FERNÁNDEZ, Xosé M. (2002): *Polos fillos dos fillos*, Santiago de Compostela, Candeia Editora.
- SCOTT, John (1991): *Social Network Analysis. A Handbook*, Londres, Sage Publications.
- SCOTT, James C. (1976): *The moral economy of the peasants: rebellion and subsistence in South Asia*, New Haven, Yale University Press.
- SERRANO, Secundino (2001): *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Temas de Hoy.
- UGARTE TELLERÍA, Javier (1998): *Covadonga insurgente. Orígenes sociales y culturales de la sublevación en 1936 en Navarra y País Vasco*, Madrid, Biblioteca Nueva.
- VARELA FERNÁNDEZ, Julia (2004): *A Ulfé. Socioloxía dunha comunidade rural galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións.
- VEIGA, Manuel (2006): “Guerra civil. Do pacto de silencio a unha polémica explosión bibliográfica”, *A Trabe de Ouro*, 63, Tomo 3, pp. 359-373.
- VV.AA. (2000): “Análisis de Redes Sociales”, *Política y Sociedad*, 33.
- YUSTA RODRIGO, Mercedes (2003): *Guerrilla y resistencia campesina. La resistencia armada contra el franquismo en Aragón (1939-1952)*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza.